



<https://www.facebook.com/AsociacionArela>



@AsociacionARELA

## “ ARELA BUSCA NA ESTRADA PERSOAS E/OU FAMILIAS DISPOSTAS A CONVIVIR CON ADOLESCENTES QUE ESTÁN A CUMPRIR UNHA MEDIDA XUDICIAL ”

(A Asociación Arela e a Xunta de Galicia levan a cabo o Programa CONVIVE.COMigo. Trátase dun proceso de capacitación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir unha medida de convivencia con persoa ou familia. Estase a desenvolver na provincia de Pontevedra)



*A concelleira de Benestar Social, Igualdade e Educación, Amalia Goldar, e a técnica de Educación Familiar, Dolores Clemente, reuníronse coa técnica da Asociación Arela\*, Eva Piñeiro, para elaborar unha estratexia de achegamento do CONVIVE.COMigo á poboación da Estrada.*

ARELA e a Xunta de Galicia levan a cabo o Programa **CONVIVE.COMigo** na provincia de Pontevedra, a finalidade é conseguir persoas ou familias que queiran convivir cun/cunha adolescente que teña a obriga de cumprir unha medida xudicial (**Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo**). Durante este 2021 están a buscar os apoios dos diferentes concellos de cara a que poidan colaborar na difusión do mesmo e así conseguir un banco de persoas ou familias que abarquen moitos dos territorios da provincia.

Mantívose esta reunión onde a técnica do CONVIVE explicou o programa e a súa evolución á Concelleira, amosando esta sensibilidade cara o mesmo e comprometéndose na difusión entre a súa veciñanza.

### **Asociación ARELA**

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: [arela@arela.org](mailto:arela@arela.org) Páxina Web: [www.arela.org](http://www.arela.org)



<https://www.facebook.com/AsociacionArela>



[@AsociacionARELA](https://twitter.com/AsociacionARELA)

A través deste programa **búscanse** familias e persoas cunha alta sensibilidade cara a adolescencia que queiran facer unha aposta temporal por un/unha adolescente con dificultades. Un ambiente socializador e positivo permitiralles ás/aos adolescentes a posibilidade de modificar as circunstancias que motivaron a medida xudicial e, polo tanto, que non reincidan nos mesmos feitos, comportamentos e actitudes unha vez regresen a vivir coa súa familia de orixe.

Os **requisitos** para formar parte deste programa son os seguintes: ser maior de idade, dispoñer dunha vivenda adecuada, estabilidade emocional, comprometerse a traballar en equipo, garantir un alto grao de dispoñibilidade, non buscar a satisfacción dun desexo de paternidade... Á súa vez, valorase positivamente a formación relacionada con ciencias sociais, a experiencia previa en programas de acollemento familiar, ter unha predisposición a ser formadas en diferentes temáticas como adolescencia, formación de carácter xurídico .

ARELA **ofrece** unha formación grupal e individual, e asesoramento, con acompañamento de profesionais e un financiamento de 40€ diarios durante os meses que permaneza o/a adolescente coa familia ou persoa.

Dende a Páxina web de ARELA ([www.arela.org](http://www.arela.org)) pódese consultar máis información sobre este programa, así como dende o seu teléfono da súa sede central, 986 21 25 37 ou a través do correo electrónico [convive@arela.org](mailto:convive@arela.org)

\*ARELA ([www.arela.org](http://www.arela.org)) é unha asociación que leva traballando en Galicia dende o ano 1998 con infancia e adolescencia en situación de desprotección e/ou conflito social, prestando diferentes servizos: Casas de Familia, Centros de Atención de Día Integral e Centros de Intervención Educativo en Medio Aberto (CIEMA) coa Consellería de Política Social.

## Asociación ARELA

**Persoa de contacto:** Julio Barreiro González (Director de ARELA)

**Teléfonos de contacto:** 986 21 25 37 ou 639 86 29 44

**Correo electrónico:** [arela@arela.org](mailto:arela@arela.org)

### Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: [arela@arela.org](mailto:arela@arela.org) Páxina Web: [www.arela.org](http://www.arela.org)